

José María Varela Silvari

(A Coruña, 1848-Madrid, 1926)

Varela Silvari é, seguramente, o máis eminente musicógrafo galego do século XIX, ademais de excelente e prolífico compositor. Aínda moi novo trasladouse a Lisboa, onde completou a súa formación musical, deu os seus primeiros concertos e produciu as súas primeiras obras musicais; despois volveu Á Coruña, onde en pouco tempo despregou unha importante actividade musical, principalmente organizativa e publicista así como tamén docente; máis tarde estableceuse en Barcelona onde dirixe en 1879 o “Coliseo Barcelonés” e a “Sociedade Teatro Murillo” e pouco despois en Madrid, onde seguiría o resto da súa vida, aínda que con frecuentes viaxes a Galicia. Na Capital o seu labor musical e literario foi enorme: traballou como redactor de “La Correspondencia de España” e “El nuevo Faro”, escribiu traballos para a “Enciclopedia musical” de Barcelona, colaborou en “El Globo”, fundou e dirixiu o “Boletín Musical”, “Revista Española Técnica-Doctrinal de Información” e publicou o “Manual teórico-práctico de armonía” (1888) e “Boceto para un curso breve y razonado de historia general de la música” (texto único para oposición e concursos, 1914) así como un gran número de partituras. Tamén foi profesor do Instituto Filarmónico de Madrid e director do Orfeón Normal de Madrid e da Capela de Música de Santa Cecilia. Mantivo polémicas musicais con grandes músicos como Barbieri ou Eslava. Foi condecorado polos gobernos de Portugal, Italia e Suíza. Entre os nomeamentos internacionais recibidos destacan o de “Mantedor” dos orfeóns de Suíza, presidente honorario e conselleiro nato da Asociación dos Concertos da Música Brasileira (Rio de Janeiro), ou o de académico correspondente da Real Academia de Amadores da Música de Lisboa.

Organizan:

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

ANPA “Via Stellae”




cmus.santiago@edu.xunta.es

Curso 2016 2017

V CONCURSO DE COMPOSICIÓN

VARELA SILVARI

2017



Data límite da presentación de obras:

31 de marzo de 2017

www.conservatoriosantiago.ga

BASES

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela convoca o V Concurso de Composición Varela Silvari.

QUÉN PODE PARTICIPAR

O concurso vai dirixido a persoas da comunidade educativa musical galega.

REQUISITOS DAS OBRAS

1.- As obras deberán ser orixinais, inéditas e nunca antes interpretadas en público, nin premiadas noutro concurso.

2. As obras deberán estar escritas para algunha das agrupacións do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela que se detallan a continuación:

- **Banda sinfónica (4º a 6º GP)**
- **Orquestra Sinfónica (4º a 6º GP)**
- **Conxuntos (1º e 2º GP)**
 - ◊ Saxofóns (2 sopr. + 2 altos + 2 ten. + 2 bar.)
 - ◊ 2 pianos a 8 mans
 - ◊ Cellos
 - ◊ Percusión
- **Agrupacións camerísticas (5º a 6º GP)**
 - ◊ Cuarteto de saxofóns
 - ◊ Consort de dobre lingüeta (4 óboes + 1 corno inglés + 3 fagots + 1 contrafagot)
 - ◊ Sexteto de tubas (3 tubas + 3 bombardinos)

3.- A duración das obras será entre **3 e 8 minutos** aproximadamente, e a **dificultade das pezas non deberá superar as habilidades técnicas e interpretativas esixibles ao alumnado da agrupación.**

4.- Se algunha obra inclúise un instrumento dentro do cadro de músicos que asuma funcións de solista, deberá ser indicado como corresponde na partitura enviada.

5.- Admitirase a introducción de medios electrónicos ao uso, que deben elixirse entre os seguintes: CD ou análogos, ordenador ou medios electrónicos que achegue o propio compositor/a.

6.- Presentarase un CD cunha copia en formato PDF DA PARTITURA, nesta copia deben estar tanto o GUIÓN como as PARTES INSTRUMENTAIS correspondentes, sendo moi recomendado a entrega dun ARQUIVO EN AUDIO.

XURADO

Constituirase un xurado composto por:

- Dous profesores do centro propostos polo Departamento de Fundamentos de Composición.
- Profesor invitado especialista en composición.

O decisión do xurado será inapelable, podendo quedar o premio deserto.

PREMIO PARA A COMPOSICIÓN GAÑADORA

Dotación económica de 150€ en cheque-agasallo doado pola ANPA “*Via Stellae*”.

Estrea da obra o 29 de maio de 2017 no Auditorio de Galicia, no concerto de clausura do curso.

Para contribuír á posterior difusión da obra gañadora, o compositor premiado autoriza ao Conservatorio á publicación da gravación do concerto de estrea nos medios de difusión do centro (páxina web, facebook...), así como a posibilidade de publicar a partitura nun futuro.

PRAZOS DE INTERESE

Presentación de obras: ata o 31 de marzo de 2017.

Publicación de obras presentadas: a relación das obras que cumpren todos os requisitos e fosen aceptadas para concursar, será publicada o día 7 de abril de 2016 na páxina web do centro.

www.conservatoriosantiago.gal

Fallo do xurado: 21 de abril de 2017.

O fallo publicarase na páxina web do Conservatorio.

SOLICITUDES

As obras presentaranse de forma presencial na secretaría do centro, ou por correo postal no seguinte enderezo:

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Monte dos Postes s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

As partituras presentaranse cun pseudónimo. Nun sobre pechado incluírase unha folla cos datos persoais e de contacto do compositor ademais dun breve currículo. No caso de presentar máis dunha obra, deberánse presentar en sobres distintos e con pseudónimos distintos.

OBSERVACIÓNS

O gañador comprométese a facer mención expresa do premio obtido nas interpretacións públicas da obra premiada, nas súas gravacións, ou en calquera outro acto.

As obras presentadas que non fosen premiadas, terán de prazo ata o 28 de xuño de 2017 para poder ser recollidas na Secretaría do Centro.